Hasta últimos dos anos setenta del s. XX —cuas monografía del Valledor (Muñiz, 1978) y El Franco (García García, 1983), y, máis despóis, cua da Veiga (Fernández Vior, 1997)— nun se dispoñía d'obras publicadas feitas por estudiosos da zona que describiran detalladamente a fala dos conceyos asturianos máis occidentales. Hasta aquel entoncias había estudos feitos nos anos corenta y cincuenta por Dámaso Alonso namáis da parte máis occidental, en concreto a dos Ozcos, y trabayos sobre isoglosas na zona oriental por Menéndez García y Rodríguez-Castellano. Precisamente foi Dámaso Alonso quen discurriu el término de «gallego-asturiano» pra chamar al que se fala nel extremo occidental por ter trazos comúis cuas dúas llinguas.

A descripción que se fai nas monografía del Franco, El Valledor y A Veiga dá úa imaxe máis equilibrada da realidá del Navia-Eo qu'as clasificacións simplificadoras de ben filólogos gallegos que botan mao namáis d'un mañuzo de características pra estremar gallego d'asturiano (Babarro, 2003: 87) dando preferencia a úas sobre outras, condo núa búa comparanza habería que botar mao de todas. Einda hai pouco un romanista de tanto prestixo como Ralf Penny denunciaba a simplificación que supón coyer úa ou dúas isoglosas —como el adiptongación d'ĕ y ŏ tónicas llatinas (*terra, porta*)— pra poñer a fronteira entre gallego y asturiano, y fía ver el cambeo de sentido que se ye dá á palabra «gallego» condo s'afirma que son «gallegas» as falas de fora de Galicia que dicen *terra* ou *porta*:

*«Es lógico sostener que las variedades lingüísticas habladas en Galicia (tradicionalmente los 'dialectos gallegos') se caractericen por no mostrar diptongación de las vocales tónicas latinas*

Ě y Ů. De aquí a mantener que son «gallegas» aquellas variedades que muestran ausencia de diptongación hay una gran diferencia: implica un cambio importante en el sentido de la palabra gallego. Ha pasado de ser un término político-administrativo a tener un significado lingüístico clasificatorio» (Penny 2004: 573-574).

Nesa mezcra dos ámbitos llingüístico y político volven caer os manuales d'outros romanistas que repiten el que dicen as fontes bibliográficas gallegas.

Por citar un caso d'hai pouco, el manual d'Echenique Elizondo y Sánchez Méndez (2005), feito nel ámbito da filoloxía castellana, clasifica el que se fala nel Navia-Eo dentro del «gallego oriental» y chámalo «gallego exterior». Os autores citaos fain esa clasificación considerando namáis sete características llingüísticas pra estremar al «gallego oriental» del resto del gallego. Son estas:

1. Diptongo *ua*, frente á súa ausencia nel resto de falas: *cuatro*, *guardar*, frente a *catro*, *gardar*.
2. Diptongo *ui*: *muito*, *cuiro*, *ui*, frente a *oi*, xeneral en Galicia (*moito*, *troita*, *escoita*), ou a súa ausencia (*muto* / *muito*, *truta* / *truita*, etc.).
3. Formas sin yod: *caxa*, *baxo* por *caixa*, *baixo*.
4. Sufixo en *-in* nel sito de *-iño* (agá nel Sur): *camín* frente a *camiño*, *padrín* frente a *padriño*, *paxarín* frente a *paxariño*, etc.
5. Plural en *-is* dos descendentes llatinos con consonante nasal, querse dicir, que mantéin as vocales en hiato despóis de perder a consonante intervocálica: singular *can*, *ladrón*, plural *cais*, *ladrois*; y dos que tían un antigo *-l-* intervocálico (agá na zona asturiana, unde se mantén el *-l-*): singular *animal*, *caracol*, plural *animais*, *caracois*.
6. Pretérito *cantein*, *cantén* y futuro *canterein*, *cantarén*.
7. Morfema verbal de segunda persona del plural en *-is-*: *cantais*, *cantabais*, frente a *cantades*, *cantabades*.

Pois ben, d'esas sete características a 1ª, 2ª, 3ª, 4ª y 7ª son propias del asturiano y a 5ª, mesmamente, nin sequera coincide del todo col gallego.

Outro error nas comparanzas —ademáis del xa dito de coyer tan poucas características—, é que se fagan entre a fala del Navia-Eo y os modelos normativos de gallego y d'asturiano, condo el qu'hai que fer é comparallo cua realidá llingüística del gallego oriental y del asturiano occidental. A esto hai qu'amecer que muitas trazas son indiferentes al hora da comparanza por ser comúis a gallego y a asturiano.

Con un ánimo divulgativo, pódese brindar aquí úa comparanza básica que valia pra dar a conocer as características máis definitorias del gallego-asturiano nel marco das dúas llinguas vecías, gallego y asturiano, y que podería coyer como referencia el estudio de García Arias (1997): «El *continuum* llingüísticu ente'l gallegu y l'asturianu».

Primeiro de nada, hai úa serie de fenómenos qu'el gallego-asturiano comparte col gallego y col asturiano: conservación del F- inicial llatín; resultao / / en palabras del tipo *coxo*, *xente*, *xurar*, etc.; solución -m- pral grupo secundario -M'N- (*home*, *fame*) ou a conservación del grupo -MB- (*lombo - llombo*, *lamber - llamber*). Condo se fai a comparanza del gallego-asturiano col asturiano, hai el peligro d'esqueicer que muitas características aparentemente gallegas danse tamén nel asturiano occidental a poucos quilómetros da capital asturiana. Polo tanto, tamén hai qu'incluir como fenómenos compartidos tanto col gallego como col asturiano os diptongos decrecentes *ei*, *ou*, *oi* (*veiga*, *pousar*, *cobertoira*), el resultao /n/ procedente del dobre -NN- llatín (*cabana*, *esconsonar*, *cana*), el resultao -it- pra os grupos llatinos -CT- y -ULT- (*feita*, *muita*) ou el resultao /t̪/ pra os grupos llatinos PL- y KL- (*chegar*, *chave*).

Outros fenómenos fain coincidir al gallego-asturiano col gallego y non col asturiano. El gallego-asturiano ten, como el gallego, un sistema vocálico de sete unidades en posición tónica qu'estrema entre *e* y *o* máis pechaos y *ɛ* y *ɔ* máis abertos como se ve nel resultao adiptongao d'ɛ̃ y ɔ̃ curtiros y tónicos del llatín (*pedra*, *terra*, *porta*, *costa*...). El mesmo pasa cua perda del -n- intervocálico (*ventá*, *mao*); el acabo -n nas formas verbales de perfecto (*perdín*, *dixen*); a palatalización da desinencia na 2ª persona del singular nas formas verbales de perfecto (*faltache*, *fixiche*); as formas verbales de 1ª persona del singular como *teño*, *veño*, *vexo*; a existencia del infinitivo personal ou conxugao (*fixenlo pra coméremos todos*); el dativo d'interés (*éche grande*, *vaiye cansao*); el pronome personal de complemento indirecto *che*; a contracción dos pronomes de complemento directo y indirecto (*mo*, *mas*, *cho*, *chas*, etc.); el acabo -eira (*primeira*, *tarteira*), etc.

Hai outro peteiro de características coincidentes col gallego, pero diferentes al grupo anterior porque nun se dan en todo el territorio onde se fala gallego-asturiano senón qu'hai partes máis ou menos pequenas del Navia-Eo onde esas características xa son de tipo asturiano. É el caso da conservación del *-r* del infinitivo al xuntarse cos pronomes *ye, yes, me, se, te, che* (*meterye, dicirytes, mancarme, cortarse...*), propia del gallego y xeneral en gallego-asturiano, pero con zonas diferenciadas nel, as máis orientales, que perden ese *-r* como el asturiano (*meteye, diciytes, mancame, cortase...*). El mesmo pasa, como ta dito al empezo, col pronome *eu*, que na veira dereta del Navia é *you*, como en asturiano; ou, cua mesma repartición xeográfica, cos artículos mayoritarios *a, as, os*, contrapostos a os orientales *la, las, los*. Tamén al oriente del gallego-asturiano hai zonas onde, igual qu'en asturiano, nun se constata a existencia de *-d-* nos acabos de sustantivos y participios (*prao, cansao, metío, peneo*), frente al que pasa nel resto del territorio eonaviego.

Hai fenómenos coincidentes col asturiano que se dan en todo el gallego-asturiano y hasta entran nel gallego del oriente de Lugo. É el caso dos resultaos del llatín *-ĪNU* (*pequenín, nenín, camín...*) ou del partitivo *dél, della - dela, dellos - delos* (*dame della carne*).

Otras características compártelas a mayor parte del territorio del Navia-Eo col asturiano, aunque hai zonas al occidente —máis ou menos grandes, según el fenómeno—, onde se dá el resulta correspondente de tipo gallego. Así, el norte y el suroriental del Navia-Eo brindan, como el asturiano, a solución */y/* pra *-LJ-* llatina y grupos aparecidos: *muyer, tayada, moyar...* Y nun se trata d'un fenómeno de yeísmo moderno porque hai oposición *ll / y* (*esfollar / esfóyar, gallo / gayo, tallar / tayar*). A franxa suroccidental restante, sicasí, vai col resulta gallego: *muller, tallada, mollar...* Con úa repartición xeográfica aparecida ta el caso dos pronomes átonos de 3ª persona en función d'implemento (*lo, la, los, las*) qu'al norte y suroriental son como en asturiano (*nun la parto, nun las parto*) y, al suroccidente, como en gallego (*nun a parto, nun as parto*). Outras características mayoritarias nel gallego-asturiano que van col asturiano son a forma da conxunción (*y, ya*), frente á forma occidental *e* coincidente col gallego; a conservación del *-L-* intervocálico del llatín (*calente, zreixales, xelar*), que namáis se perde en zonas occidentales pequenas: *quente, zreixáis, xear*; as terminacións en *-én* procedentes del llatín *-ĒNU* (*centén, tarrén, chen*), que máis al occidente del gallego-asturiano xa son *centeo, tarreo, cheo*; el artículo masculino *el*, xa dito, con úa parte pequena al occidente qu'usa *o*; as formas etimolóxicas dos demostrativos *estos, esos, aquellos - aquellos*, del pronome *ellos - ellos* y dos posesivos

*tou, sou*, contrapostos a os analóxicos *estes, eses, aqueles, eles, teu, seu* dos extremos occidentales; a conservación dos grupos *qu+a* y *gu+a* (*cuatro, guardar*), que tamén se dá nel suroriente de Galicia, fronte a os occidentales *catro, gardar*; el resultaio con *-x-* (*caxa, baxar*), distinto ás formas con *-ix-* de zonas del extremo occidental nel Navia-Eo: *caixa, baixar*; resultaos con *-l-* nel marxe posnuclear da sílaba propios del asturiano en palabras como *yelso, ayalga, coldo, lleldo - leldo*, etc.

Hai isoglosas que xebran el territorio Navia-Eo en dúas partes máis ou menos iguais, úas veces maiores pral territorio que vai col gallego y outras veces máis pequenas, aunque hai qu'aclarar que mayor cantidá de territorio nun implica sempre máis cantidá de falantes. É el caso dos continuadores de L- y -LL- llatinos, que na parte occidental del gallego-asturiano brindan resultaos como el gallego (*luz, lume, caballo*), pero que nel metá oriental palatalizan (*lluz, llume, caballo*), como pasa en asturiano, que lo fai con resultaio dorsal nel centro (*lluz, llume, caballu*) y con resultaio alveolopalatal [ʃ] nel sur-occidente (*l.luz, l.lume*).

Pr'acabar, queda un peteiro de fenómenos que, aunque siguen resultaos de tipo gallego, tein a súa forma especial en gallego-asturiano y, mesmamente, en dalgús casos estos resultaos entran tamén nel gallego del oriente de Lugo y Ourense. El gallego-asturiano perde el -N- intervocálico del llatín, pero con us resultaos propios nos acabos en *-áis* y en *-óis* dos plurales (*folgazáis, cais, camióis*), nos acabos en *-ía, -ías* del femenino (*pequenia, vecía, gallías - galías*) y en *-íos - -tus* del masculino plural (*camíos, vecíos*), y tamén en dalgús indefinidos (*úa, algúa, ningúa*). Na conxugación da 2ª persona del singular del pretérito perfecto de dalgús verbos úsase el acabo *-iche* (*dixiche, tuviche*), condo el gallego usa *-eche* ou *-eches*. Tamén nel aspecto fonético danse nel vocalismo del gallego-asturiano fenómenos peculiares que nun se dan en gallego, como a conservación del timbre aberto en formas como *bòn, pònte, fònte*; el abertura d'ɛ y ɔ tónicos por influxo nasal (*chèn, camión*); el uso d'ɛ aberto nas formas de 1ª persona del plural del pretérito perfecto (*coyèmos, dixèmos*), ou el ɔ aberto nas formas de plural da 2ª y 3ª persona (*fòmos, fòron*).

Hai un fenómeno ben chamadeiro que nun se dá nin en gallego y que s'estende por búa parte del territorio unde se fala gallego-asturiano, con mostras en asturiano: é el dos resultaos con reducción del diptongo en palabras del tipo *estreto, dereto, peto, seta, proveto*... Outra forma, ésta xeneral en todo el territorio Navia-Eo, é *únde*, que se corresponde col gallego *onde*, mentres qu'en asturiano

alternan *unde* y *onde*. Nel contexto das dúas llinguas vecías tamén son orixinales del gallego-asturiano, entre outros, el tipo de diptongo de formas como *fougo*, *llougo* ~ *lougo*; a conxunción *peró* ~ *pro*, que nas llinguas vecías é *pero*; as formas con diptongo y non con hiato del tipo *meiz*, *reiz*, *einda*; ou as formas *condo* y *conto*.

Y, igual qu'os fenómenos fonolóxicos y morfosintácticos, el léxico d'Entrambasauguas coincide úas veces col gallego, outras col asturiano, ás veces cos dous y brinda noutros casos dalgúas trazas propias.

En conclusión, a zona é un exemplo claro de *continuum* dialectal. Ese feito llingüístico —qu'el territorio tía atravesao por tantas isoglosas y se mezcren nél trazas asturianas y gallegas, ademáis de características propias—, explica a situación sociolingüística actual del Navia-Eo, unde os sous falantes tein conciencia d'usar úa variedá llingüística con úa personalidá ben marcada, diferente del gallego y del asturiano, al tempo qu'aparecida a entrambas llinguas. Esta realidá amóstrase tamén en análisis de carácter pragmático que reflexan a crencia xeneralizada dos falantes eonaviegos, inequívocamente situaos na idea da súa particularidá llingüística (González Rodríguez & Saavedra Fernández-Combarro 2006).





#### 4. El llabor del Academia de la Llingua Asturiana na recuperación llingüística del Navia-Eo

Según acordo del Consejo de Gobierno del Principao d'Asturias (BOPA, 14-VI-95), en 1995 modificáronse os Estatutos del Academia de la Llingua Asturiana de tal xeito qu'el apartao *k* del artículo 1 del Título I, «Principios xenerales», quedóu redactao asina: «A todos os efectos el Academia de la Llingua Asturiana ha promover y velar pola variante llingüística gallego-asturiana ou astur-galaica». En consecuencia, pra dar cumprimento a ese mandato, en 1996 el Academia de la Llingua Asturiana acordóu crear a «Secretaría Llingüística del Navia-Eo».

A normativa llegal actual ten en conta a realidá da *fala* o *gallego-asturiano*. Anque el Estatuto d'Autonomía pr'Asturias namáis fala del «bable» nel sou artículo 4 («El bable ha a ter protección. Hase a promover el sou uso, a súa difusión nos medios de comunicación y el sou ensino, respetando en todo caso as variantes locales y a voluntariedá nel sou aprendemento»), el texto llegal que desarrolla el sou contido, a «Llei 1/98 de 23 de marzo, d'uso y promoción del Bable/Asturiano», diz nos sous dous primeiros artículos:

Artículo 1.–Llingua tradicional.

El bable/asturiano, como llingua tradicional d'Asturias, ha a ter protección. El Principao d'Asturias ha a promover el sou uso, difusión y ensino.

Artículo 2.–Gallego-asturiano.

El réxime de protección, respeto, tutela y desarrollo establecido nesta Llei pral bable/asturiano hase a estender, mediante regulación especial, al gallego-asturiano nas zonas unde ten carácter de modalidá llingüística propia.

En conto á súa normativa ortográfica, en 1993 a entoncias Consejería d'Educación, Cultura, Deportes y Moceda publicóu el documento titulado *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del gallego-asturiano*, feito por un equipo de profesores y llingüistas dos conceyos del Navia-Eo. Empezaba daquela a esperiencia piloto da introducción del asignatura de gallego-asturiano nas escolas y precisábase d'úa normativa ortográfica axeitada á realidá llingüística da zona. Estas normas ortográficas son as qu'utilizan as institucións asturianas, el profesorado del asignatura y a práctica totalidá dos qu'escriben y publican nesta variedá llingüística.

El Academia de la Llingua Asturiana, aunque nun participóu na elaboración da *Proposta de normas*, decidíu asumillas pral llabor editorial y formativo da Secretaría Llingüística del Navia-Eo.

El actividá editorial ten un peso importante nel llabor da Secretaría Llingüística del Navia-Eo porque esa é úa das carencias del gallego-asturiano y é preciso qu'os falantes podan dispoñer de publicacións na súa llingua que, d'outro xeito —sin alfabetización y sin úas condicións sociolingüísticas al xeito—, era difícil que podesen existir. Pra eso edítase dende 1996 a revista *Entrambasauguas*, con artículos de carácter divulgativo sobre aspectos sociales, hestóricos, culturales, lliterarios, etc., referidos a os conceyos eonaviegos. Hasta a fecha publicáronse 23 números y nellos participaron cuas súas colaboracións, entre outros, 68 personas da zona, un número ta claro qu'impensable hai dalgús anos pra úa variedá con pouca tradición escrita y poucos falantes.

Dende el Academia de la Llingua Asturiana quere animar a investigación en y sobre el gallego-asturiano. Xa en 1997, dentro das Xornadas d'Estudio qu'amaña anualmente a institución, houbo úa presencia grande de comunicacións sobre a zona eonaviega. Os trabayos axuntáronse nel volume *Estudios das Terras del Navia-Eo*, qu'abriu en 1998 a colección «Os llibros d'Entrambasauguas». Esa iniciativa tuvo continuidá, xa na zona occidental, cua organización d'úas importantes sesións d'estudio unde especialistas en diferentes temas tocan cuestións relacionadas col Navia-Eo. El resultado foi el segundo número da colección en 1999: *Actas das Primeiras Sesións d'Estudio del Occidente*. Nel ano 2005 fixéronse as segundas sesións, unde participaron úa ventena d'estudiosos, os máis d'ellos dos conceyos del Eo-Navia, con comunicacións sobre llingua, hestoria, lliteratura, sociolingüística, etnografía, ensino, etc.... Todos esos trabayos pódense ller nas *Actas das Segundas Sesións d'Estudio del Occidente* publicadas nel 2006.

A literatura tamén ten presenza na colección «Os libros d'Entrambasauguas». Tanto a pasada, del qu' mostra el libro d'Alejandro Sela, *El Tío Pepe. Colaboracións periódicas en gallego-asturiano (1931-1948)*, como a presente, con publicacións como as obras de teatro de Manuel García-Galano, *Erguendo el telón. Sainetes*, ou a recopilación dos artigos e contos d'este autor na revista *Entrambasauguas*, axuntaos nun volume titulado *Vento d'outono*.

El outro ámbito que quer cubrir «Os libros d'Entrambasauguas» é el público infantil e el apoio con materiais á escolarización del gallego-asturiano. Neste sentido, editouse nel ano 2003 *El meu primeiro vocabulario na fala*, un obra ben al xeito pra os máis pequenos, con máis de 500 palabras organizadas arredor de 18 núcleos temáticos. Tamén se traduciu al gallego-asturiano el conto *¡Esta é a mía casa!* (2005), del escritor e dibuxante Enrique Carballeira Melendi. Nel ano 2001 a Secretaría Llingüística del Navia-Eo axudou na organización del I Día das Letras Asturianas, amañao pol profesorado de gallego-asturiano nas escolas da zona. Con ese motivo convocouse un «Concurso de Contos na Nosa Fala pra os alumnos e alumnas de gallego-asturiano (Primaria e Secundaria)» que sigue féndose todos os anos. Os relatos ganadores veñen publicándose nesa mesma colección: *Cousas de xente pequena* (2002), *Charamuzas dos nenos* (2004), *Renguileiras* (2006).

Outras iniciativas pr'animar a escolarización, ademais de colaborar nel Día das Letras Asturianas que se festexa nos centros eonavegos, son a convocatoria anual de concursos entre os escolares ou a edición de material divulgativo (folletos, pegatinas...) animando a os padres a matricular a os seus fillos na asignatura de gallego-asturiano. Actualmente tamén tán en marcha dalgús proxectos pra elaborar material didáctico e pra redacción d'un vocabulario básico de gallego-asturiano que poda valer pra os estudantes d'esta lingua e pra el público interesao en xeneral.

Por outro llao, ademais das publicacións que xa se citaron da «Secretaría», déronse á imprenta noutras coleccións del Academia arredor d'úa trentena de traballos e artigos relacionaos col gallego-asturiano, como resultao das actividades d'investigación qu'esta institución promove. As obras de X. M. Suárez Fernández, *Vocabulariu de Mántaras (Tapia)* (1991), ou de J. A. Fernández Vior, *El habla de Vegadeo (A Veiga e su concejo)* (1997) e *Vocabulario da Veiga* (1998); ademais das entregas publicadas na Colección «Toponimia» (números 15, 35, 44, 55, 75 e 101) sobre dalgúas parroquias de Tapia, Ibias, Villayón e Pezós, son úa búa mostra d'este llabor editorial.

Na «Secretaría» dispónse tamén d'un servicio de consultas y traducción al gallego-asturiano del que pode fer uso cualquier particular, conceyo ou asociación que teña dalgúa duda sobre cómo escribir textos na *fala* ou *eonaviego*. Hasta el momento vén fendo traduccióis de todo tipo (estatutos, páxinas web, dípticos publicitarios, discos, cartas de restauráis, etc.).

El Academia de la Llingua Asturiana, por encargo da Consejería d'Educación del Principao d'Asturias, organiza dende el ano 2001 un «Curso de Capacitación en Gallego-Asturiano», composto de tres fases, unde se titulan os futuros profesores y profesoras d'esta asignatura. Os cursos fixéronse estos últimos cinco anos nel conceyo d'Ibias, a un tempo qu'os Cursos de Brao del Academia de la Llingua Asturiana, y a ellos, como actividades complementarias, llévanse grupos musicales y artísticos da zona, entre os que destacan as actuacións de teatro en gallego-asturiano del grupo tapiego «Pico de Faro».

A Formación d'Adultos é outro dos esmolementos da Secretaría, qu'empezou nel ano 2005 a amañar cursos d'alfabetización en gallego-asturiano d'emparzao con asociacións culturais da zona. Trátase de programas formativos básicos unde s'atende, sobre todo, prá escritura, pero amecendo tamén outros aspectos culturais, lliterarios y sociollingüísticos. Pol momento fixéronse cursos en Tapia y en San Xuyán (El Franco).

A vinculación del Academia de la Llingua Asturiana col llabor recuperador del gallego-asturiano refórzase tamén cua presencia na institución de personas eonaviegas que destacaron pol sou trabayo investigador ou lliterario. Nel 2004, nel acto académico del Día das Lletas Asturianas, deuse acoyida na institución como Nembro Correspondente al filólogo veigueño José Antonio Fernández Vior. Nel 2006 acoyéuse como Académico d'Honor al escritor tapiego Manuel García-Galano, al que se tributou un homenaxe el 1 d'abril en Tapia nun acto impulsao pol Academia de la Llingua Asturiana.

## 5. Conclusiós y propostas

Despóis das consideraciós anteriores pódese plantiar que:

1. As terras del Navia-Eo forman parte d'Asturias dende qu' ésta existe como tal entidá política al nacer nel s. VIII el Reino d'Asturias ou *Asturorum Regnum*. Nun hai ningún momento histórico en qu' estas terras pertencieran a dalgúa entidá política identificable con Galicia.
2. A pesar dos plantiamentos expansionistas de dalgús sectores intelectuales y políticos de Galicia, el Río Navia nun é fronteira de ningún aspecto cultural identificable cua cultura gallega igual qu' el Río Eo tampouco nun lo é. Hai elementos culturais (hurros, cabazos, cubertas vexetales, mitoloxía, gastronomía, etc.) que nus casos esténdese a entrambas veiras dos ríos y, noutros, por todo el noroeste peninsular y hasta pola Europa atlántica.
3. Os habitantes del Navia-Eo son y síntense tan asturianos como el resto dos ciudadanos d'Asturias. Nun hai, neste sentido, ningúa contradicción entre el uso da *fala* y sentirse parte fundamental d'Asturias, porque el *eonaviego* ou *gallego-asturiano* é tamén úa llingua hestórica d'Asturias.
4. Dende un punto de vista llingüístico, el estudio pormenorizao da fala del Navia-Eo brinda a imaxe d'un territorio unde s'entremezcran trazas llingüísticas gallegas y asturianas, ademáis de características propias da zona. É entoncias arbitrario científicamente, y é un exercicio de voluntarismo político, incluir esta variedá llingüística dentro del ámbito da llingua gallega.

5. Os asturianos eonaviegos consideran a súa variedá llingüística como úa llingua homologable ás outras reconocidas en España y, aunque reconozan nella trazas llingüísticas achegadas al asturiano y al gallego, sintonla como dalgo propio y específico del sou ámbito territorial.
6. A fala ou gallego-asturiano consérvase muito ben nos usos orales dos falantes. Ademáis d'eso, as actitudes y demandas sociales da población son favorables del todo á súa normalización social, el que, nel sou caso, iba facilitar ben a posta en práctica d'úa verdadeira política llingüística nel Navia-Eo.
7. El Academia de la Llingua Asturiana é, a través da «Secretaría Llingüística del Navia-Eo», a institución que llegalmente ten qu'exercer a función normativa y tutelar nese ámbito territorial asturiano.
8. As medidas normalizadoras da fala ou gallego-asturiano pasan pol sou reconocimiento como llingua oficial nel Navia-Eo, de xeito paralelo al reconocimiento d'oficialidá del asturiano en toda Asturias.
9. Pr'apoyar prácticamente el exercicio da oficialidá del eonaviego é preciso garantizar a súa presencia escolar en todos os centros educativos da zona (públicos, privaos y concertaos), el sou uso institucional y público na vida dos conceyos y el sou emprego nos medios de comunicación, promovendo, se fixera falta, el llogro de calces comunicativos novos col gallego-asturiano como llingua vehicular.
10. A visualización social da fala fai necesaria úa «discriminación positiva» hacia esta variedá llingüística que faiga posible el aparición de recursos y materiales (lliteratura, música, artes, recursos en internet, etc.) que, coyendo como soporte al eonaviego, tían al alcance de todos os ciudadanos d'Entrambasauguas.

## Bibliografía





- (1999): *Actas das Primeiras Sesióis d'Estudio del Occidente. Castripol, 8 d'agosto de 1998*. Uviéu, Secretaría Llingüística del Navia-Eo/Academia de la Llingua Asturiana.
- (2006): *Actas das Segundas Sesióis d'Estudio del Occidente. A Caridá, 1 y 2 d'abril de 2005*. Uviéu, Secretaría Llingüística del Navia-Eo/Academia de la Llingua Asturiana.
- BABARRO GONZÁLEZ, X. (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. T. I. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ECHENIQUE ELIZONDO, M.<sup>a</sup> T. & J. SÁNCHEZ MÉNDEZ (2005): *Las lenguas de un reino. Historia lingüística hispánica*. Madrid, Gredos.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo, Xerais.
- FERNÁNDEZ VIOR, J. A. (1997): *El habla de Vegadeo (A Veiga y su concejo)*. Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana.
- GARCÍA ARIAS, X. LL. (1997): «El *continuum* llingüísticu ente'l gallegu y l'asturianu», en *Lletres Asturianas* 62: 43-50. [Publicao despóis en *Estudios das terras del Navia-Eo*. Uviéu, Secretaría Llingüística del Navia-Eo/Academia de la Llingua Asturiana, 1998: 85-89].
- GARCÍA GARCÍA, J. (1983): *El habla de El Franco*. Mieres, Instituto Bernaldo de Quirós.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, R. & SAAVEDRA FERNÁNDEZ-COMBARRO, R. (2006): «Aproximación pragmática a la categorización de una lengua: la fala del Navia-Eo», en T. Brandenberger & B. Schmid (eds.), *Actas del VI Encuentro hispano-suizo de filólogos noveles (Oviedo, 9 de mayo de 2006)*. Basel, Romanisches Seminar der Universität. [En imprenta]

- LLERA RAMO, F. J. (1994): *Los asturianos y la lengua asturiana. Estudio sociolingüístico para Asturias 1991*. Uviéu, Consejería de Cultura del Principáu d'Asturies.
- LLERA RAMO, F. J. & P. SAN MARTÍN ANTUÑA (2003). *II Estudio sociolingüístico de Asturias 2002*. Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana.
- LLOPE, I. (2006): «Xuegos d'identidá na tierra Navia-Eo: un averamientu críticu», en *Lletres Asturianes* 91: 101-143. [Publicao tamén como «Xogo d'identidades na terra del Navia-Eo. Un achegamento críticu», en *Actas das Segundas Sesióis d'Estudio del Occidente. A Caridá, 1 y 2 d'abril de 2005*. Uviéu, Secretaría Llingüística del Navia-Eo/Academia de la Llingua Asturiana, 2006: 123-166].
- MÉNDEZ, B. & FREDO DE CARBEXE (2000): «Bases pra úa valorización sociollingüística en Asturias. El Navia-Eo», en *Lletres Asturianes* 75: 27-47.
- MUÑIZ, C. (1978): *El habla del Valledor. Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias-España)*. Amsterdam, Academische Pers.
- PENNY, R. (2004): «Continuum dialectal y fronteras estatales: el caso del leonés medieval», en *Orígenes de las lenguas romances en el Reino de León. Siglos IX-XIII*. T. I. León: 565-578.
- SUÁREZ FERNÁNDEZ, X. M. (2000): «Primeiros usos escritos de -Y- < -LJ-, -CL-, -GL- en gallego-asturiano», en *Lletres Asturianes* 75: 99-110.
- TORRENTE FERNÁNDEZ, I. (1998): «Notes hestóriques sol territoriu Navia-Eo. Revisión hestoriográfica», en *Estudios das terras del Navia-Eo*. Uviéu, Secretaría Llingüística del Navia-Eo/Academia de la Llingua Asturiana: 45-52.
- VV. AA. (1993): *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del gal(l)ego-asturiano*. Uviéu, Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies.





ACABÓUSE D'IMPRIMIR ESTE  
INFORME SOBRE A FALA OU GALLEGO-ASTURIANO.  
ÚA PERSPECTIVA HISTÓRICA, SOCIAL Y LINGÜÍSTICA  
EL DÍA 26 DE XUYÍN DEL ANO 2006

